



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2009 13:56
Nº Rexistro: 00688
Data envío: 07/05/2009 13:56:01.327

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Fernando Xabier Blanco Alvarez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa á discriminación sufrida por traballadores da Capitanía Marítima de Burela por cometeren o “delicto” de usar a lingua galega.

Duas traballadoras e un traballador da Capitanía Marítima de Burela están a sufrir unha situación de acoso laboral e discriminación no seu emprego pola única razón de usar a lingua galega nos seus postos de traballo.

Velaí como se verifican na práctica os principios de “bilingüismo harmónico” e “amabilidade lingüística” tan preconizados polo novo Goberno, diante da suposta “imposición” do galego. Que a estas alturas do século XXI haxa institucións oficiais (neste caso a Capitanía Marítima de Burela, dependente da Dirección Xeral da Mariña Mercante, isto é, Goberno español) que se permitan o luxo de conculcar a legalidade vixente en materia lingüística, e o máis grave, pisotear os dereitos lingüísticos e laborais de traballadores que só pretenden instaurar a normalidade lingüística nun entorno -Burela-, no que segundo datos oficiais, o 90% da poboación utiliza sempre ou habitualmente o galego, e nun sector -o pesqueiro- masivamente galegofalante, resultaría surrealista, se non for pura realidade.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2009 13:56
Nº Rexistro: 00688
Data envío: 07/05/2009 13:56:01.327

Esta Capitanía Marítima exclúe a lingua galega. O 100% dos expedientes administrativos redíxense en español. O galego elimínase do mundo oficial e administrativo. O divorcio entre o idioma popular e o oficial é unha evidencia. Tratan ao galego, en definitiva, como un dialecto, sen dereitos nin recoñecemento oficial de ningunha caste.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

- 1.- Que avaliación realiza o Goberno galego dos feitos descritos?
- 2.- Que medidas ten previsto adoptar, perante o Goberno español, na defensa do dereito ao uso do galego por parte dos traballadores da Capitanía Marítima de Burela, e o dereito dos administrados a recibiren atención no seu propio idioma?
- 3.- Ten previsto demandar a depuración de responsabilidades daqueles cargos da Capitanía Marítima que conculcan a legalidade e vulneran os dereitos dos traballadores?

Santiago de Compostela, 7 de Maio de 2009



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2009 13:56
Nº Rexistro: 00688
Data envío: 07/05/2009 13:56:01.327

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.

Asdo.: Fernando X. Blanco Alvarez
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 07/05/2009 13:54:56

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 07/05/2009 13:55:01